



**D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urgente do 25 de maio de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

**6.- PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA (FASE I), ENTRE SANJURJO BADÍA E ENRIQUE LORENZO. EXPTE. 4948/440.**

Visto o informe de fiscalización do 21/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

**11.- Propostas de adxudicación**

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentaron xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440) na seguinte orde descendente:

|   | Licitadores                       | Puntuación |
|---|-----------------------------------|------------|
| 1 | NAROM, S.L.                       | 94,12      |
| 2 | CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 93,55      |
| 3 | ORESA SL                          | 92,85      |



|    | Licitadores                                                                           | Puntuación |
|----|---------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| 4  | CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.                                                | 92,47      |
| 5  | ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)                       | 92,41      |
| 6  | NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.                                                        | 92,05      |
| 7  | ORECO, S.A.                                                                           | 91,35      |
| 8  | PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A. | 91,15      |
| 9  | EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.                                   | 90,95      |
| 10 | SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.                                             | 90,57      |
| 11 | ELSAMEX, S.A.                                                                         | 89,72      |
| 12 | COPCISA, S.A.                                                                         | 89,68      |
| 13 | MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.                                  | 89,01      |
| 14 | ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO S.L                                                      | 88,75      |
| 15 | EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.                                                   | 87,51      |
| 16 | CONSTRUCCIONES VALE, S.L.                                                             | 83,62      |

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.048,52 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAROM, S.L., o día 4 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 15 de maio, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 21 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NAROM, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 29/05/2018 13:24

Páxina 2 de 3

Expediente 4948/440

CSV: 25EA59-A125A6-8HBE2H-SXESVR-BVXZE1-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NAROM, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 5 e 24 de abril de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a NAROM, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Purificación Saavedra (fase I), entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo (4.948-440) por un prezo total de 222.134,51 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 38.552,27 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.

